



## CONDICIÓN PARTICULARES DE CONTRATACIÓN CON BONO DIXITAL

O presente documento recolle as condicións particulares de contratación que prevalecen sobre o contrato realizado entre R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U. (en diante, **R**), con CIF A15474281 e domicilio social na Coruña, rúa Real 85, e o Cliente do Servizo (o “Cliente”).

As presentes condicións particulares de contratación entran en vigor unha vez **R CABLE** verifique coa Xunta de Galicia e co previo consentimento do Cliente que este é beneficiario da axuda do Bono dixital para colectivos vulnerables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, polo que o contrato suscrito entre **R** e o Cliente debe ter en conta as seguintes condicións particulares:

1. **R** facilitará ao Cliente un servizo de conexión de banda larga dende unha localización fixa cunha velocidade mínima de 30 Mbit por segundo en sentido descendente en condicións de hora punta.
2. **R** aplicará unha bonificación ao Cliente de como máximo 20 euros mensuais sobre o prezo final da factura emitida (máximo axuda 240 euros anuais), aplicada sobre o servizo de conexión de banda larga.
3. A aplicación do bono social é compatible con servizos converxentes que pode contratar o Cliente e beneficiario do bono á súa discreción, sendo unicamente aplicable a bonificación máxima de 20 euros mensuais ao servizo de conexión de banda larga.
4. A vivenda na que se vai instalar a conexión é a indicada na resolución de concesión do bono dixital, e o bono só será válido para esta vivenda e titular do contrato. En caso de cambio de enderezo do domicilio onde se prestará o servizo, o Cliente deberá solicitar previa autorización á Dirección xeral con competencias en materia de loita contra a fenda dixital da Comunidade Galega.
5. Este contrato non inclúe cláusulas de permanencia relacionadas coa instalación da fibra, nin permanencias relativas aos descontos de captación asociados ao servizo de conexión de banda larga que puidesen existir no Contrato durante a duración do bono dixital, así pois, durante os 12 meses de duración do bono o Cliente e beneficiario do bono dixital ten a posibilidade de cancelar o presente contrato e cambiar de operador sen que **R** lle aplique ningún tipo de penalización pola instalación da fibra, penalización por descontos de captación asociados á conexión de banda larga.

6. O Equipo “ONT / Router wifi” ou calquera outro equipo, periférico ou dispositivo entregado por **R** ao Cliente para a correcta prestación dos Servizos son unha cesión de **R** ao Cliente, sendo o Cliente o responsable do uso axeitado do mesmo. O Cliente obrígase a devolver os Equipos a **R** nun estado de uso e conservación adecuado para a correcta utilización do mesmo, previa solicitude de **R**, en calquera momento e en todo caso, no prazo establecido no contrato de servizo. Se o Cliente non devolve o Equipo no devandito prazo, **R** aplicará a penalización que se especifica no contrato.
  
7. Unha vez finalizados os 12 meses de duración do bono, e sempre que o Cliente estea interesado en manter o servizo de banda larga sen a bonificación da factura, manteranse os servizos contratados durante polo menos o ano seguinte, nas mesmas condicións establecidas no contrato de servizos e as súas condicións específicas, non sendo de aplicación a partir de entón as condicións específicas recollidas no presente documento.

